

Nome: Data: Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

Se hai varias opcións, marca cunha cruz só unha resposta, a que che pareza máis adecuada.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas
escolares
de Galicia

CEIP Pedro Barrié de la Maza
Mondego _ Sada



EXPOSICIÓN DOCUMENTAL: "DEREITOS E DEBERES DA HUMANIDADE".



Os dereitos humanos son dereitos básicos que debemos ter para vivir unha vida plena. Todas as persoas merecen a oportunidade de acadar o crecemento e desenvolvemento das súas capacidades máis aló das súas necesidades básicas.

Para cumprir este obxectivo, a Organización das Nacións Unidas, publicou en 1948 a "Declaración Universal dos Dereitos Humanos", que define as regras e ofrece recomendacións, orientacións e fundamentos para que todos os países acaden a liberdade, a xustiza e a paz.

Fonte: CEIP Pedro Barrié de la Maza , Mondego-Sada

1 Que tipo de texto é o anterior?

- Un cartel. Un anuncio web.
- Unha revista. Un cómic.

2 Cal cres que é o obxectivo do texto?

- Celebrar un aniversario.
 Anunciar un concurso de pintura.
 Informar sobre unha exposición.
 Informar sobre actividades extraescolares.

3 Quen organiza o evento do que informa o cartel? Marca as dúas opcións correctas.

- A Organización das Nacións Unidas.
 O CEIP Pedro Barrié de la Maza.
 A Xunta de Galicia.
 A rede de Bibliotecas escolares de Galicia.

4 Que tipo de documentos poderías atopar nesta exposición?

- Datos históricos do ano 1948.
 Datos relacionados cos dereitos e deberes da humanidade.
 Información sobre a Organización das Nacións Unidas.
 Os dereitos e deberes dos CEIP.

5 Por que cres que os nenos debuxan un planeta riseiro? Razona a túa resposta.

.....

6 Subliña a acepción coa que a palabra *dereito* aparece no texto.

dereito 1 Conxunto de leis que regulan as relacións entre os membros dunha sociedade ou dun país.
2 Ciencia que estuda estas leis. **3** Que non se torce nin a un lado nin a outro. **4** En posición vertical.

7 Por cal das seguintes palabras poderías substituír a palabra *básicos* da expresión *dereitos básicos*.

- secundarios fundamentais útiles importantes

8 Dos dereitos que aparecen no cartel, escolle os tres que che parecen máis importantes. Xustifica a túa elección.

.....

Nome: Data: Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

Se hai varias opcións, marca cunha cruz só unha resposta, a que che pareza máis adecuada.

Leliño amigo:

Anque xa hai anos que te fuches, penso que debes lembrarte de min. Ou non? Cavila un chisco; remexe na cachola. Son Toño de Loureiro, o Peilao. Xa caíches? (Ese alcume de Peilao séntame coma un baloucazo (1) pero dígocho para que te decates axiña de quen son).

Pois é. O Balbino [...]. É un rapaz caviloso e de poucas falas. Hai algúns días veu á casa. Eu atopeino na beira do río e estivemos un anaco dando ao peteiro. Faloume de ti. Dixo que vos escribides, e mostroume dúas cartas túas, por certo moi paveras (2) [...].

Dende que me atopei co Balbino ándame a proír (3) unha idea no miolo. A idea de que ti e mais eu nos escribamos tamén. Balbino deume o teu enderezo e aquí estou coa primeira carta. Anda, non recúes. Eu fareino seguido, contándoches un eito de cousas de por aquí.

XOSÉ NEIRA VILAS: *Cartas a Lelo*, Edicións do Castro (Texto adaptado)

(1) Golpe que se dá cunha estaca. (2) Simpáticas, bromistas. (3) Proer; devercer por dicir ou facer algo.

1 Que tipo de texto mostra este fragmento?

Unha novela.

Unha carta.

Un diálogo.

Un conto.

2 Onde podes encontrar este texto?

Nunha novela.

Nun correo electrónico.

Nunha obra teatral.

Nunha revista.

3 Marca se as seguintes oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

Leliño atópase lonxe de Balbino.

Toño xa lle ten escrito moitas veces a Leliño.

Manolito foi quen lle deu o enderezo a Toño.

Toño de Loureiro lembra o seu alcume para axudar a que Leliño se acorde del.

4 Escribe o nome a quen corresponden as seguintes informacións.

a) Rapaz que traballa, teimudo e calado. ▶

b) O rapaz que deu o enderezo a Toño. ▶

c) Rapaz que marchou lonxe da súa casa. ▶

d) Rapaz co alcume de Peilao. ▶

